
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 20 DE XANEIRO DE 2014**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 13:30 horas do xoves día 20 de xaneiro de 2014 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2013: Peche do exercicio
- 4) Presuposto da Escola para 2014
- 5) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES:

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal	Pablo

ESTUDANTES:

Espasandín Lacalle	Raúl
Gómez Mejjide	Breixo
Longueira Pan	Francisco
Rojo López	Gemma

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

- 1) **Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores**

Apróbase a acta

2) Informe do Director

O Director realiza un breve informe onde sinala que non hai novidades desde a anterior Xunta de Escola polo que se procede cos seguintes puntos da orde do día.

3) Execución do presuposto de 2013: Peche do exercicio

En este punto, o Director expón detalladamente as cifras detallando a execución de cada unha das diferentes partidas presupostarias. Todos estos datos enviaranse previamente a todos os membros para a súa consulta e análise.

Apróbase o peche do exercicio

4) Presuposto da Escola para 2014

O Director expón o documento de presuposto para o ano 2014 que se enviara previamente. Sinala os grandes números 66535,00 € en Capítulo 2 e 61834,10 € en Capítulo 6. Explica ademais que hai algunhas incorporacións de crédito que estaba pendente desde decembro.

Para situar os datos en contexto o Director presenta a comparativa entre o presuposto de 2014 e o de 2013, explica ademais que compara presupostos iniciais entre sí dado que durante o ano prodúcense incorporacións de crédito de xeito habitual. Tamén detalla que na anualidade 2013 era posible trasladar parte do crédito entre capítulos e así se fixera, con un traslado dun 10% entre Capítulo 2 e 6. Tendo en conta estas consideracións, a situación do 2014 sitúa o presuposto un 6% por debaixo dos importes de 2013.

Existe unha diverxencia nesta tendencia á baixa, a partida para fondos bibliográficos aumenta en importe total pero hai que considerar que se incorporou unha nova orixe de fondos. En esta parte do presuposto están incorporados os fondos provintes dos departamentos que xa non se xestionan desde os mesmos senón que se fai a nivel Escola.

Intervén o profesor Luis Pena preguntando por unha diferenza nos importes totais, o Director responde explicando que se debe a esta incorporación de fondos desde os departamentos.

Apróbase.

5) Quenda aberta de palabra

Non hai intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:50 do 20 de xaneiro de 2014.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico